

O CASINO

ZONA



Limiar

Volvemos estar xuntos, e despois daquel
!!!Benvido Couso 3G!!! Agora temos que dicir
Benvida a Conexion Wifi no Centro Cultural. Xa temos
conectados os ordenadores da Cultural a internet.
Todo aquel que o necesite pode facer uso deles
falando antes con calquer membro da Directiva.



Neste exemplar:

- 1 Limiar
- 2 Programación Semestral
- 3 Obter unha praza non foi algo gratuito (por CATY)
- 4 A festa de Pascua e a tradicion da cruz (por Pablo Carballido)
- 6 A realidade é plural busquemos a nosa... (por Belén Groba)
- 8 Actividades realizadas

PROGRAMACIÓN CULTURAL

2º SEMESTRE 2012

Comida en San Cibrán



Domingo 16 de setembro

Apuntarse na cultural

Festa da Mallada e dos Maiores



Sábado, 22 de setembro

Hora a concretar

Lugar Centro Cultural

Festa de San Martiño



Xa concretaremos fecha

e hora

Festival de Nadal

Día e hora

por concretar

OBTER UNHA PRAZA NON FOI ALGO GRATUITO

Son funcionaria e saben que non me avergonzo de nada, non debo nada a ninguén (só a miña familia, mestres e profesores) non teño porque pedir perdón, non me tocou a lotería, non gañei o premio gordo na tómbola,...

Aprobei fronte a un tribunal formado por señores que non coñecía de nada, sin un parente político, sin unha man protectora nin o bofacer dun amigo. Despois de moitos anos, noites de desvelos, angustias e con unha soa e estimada compañía que a dos libros.

Eu son funcionaria e sei que España esta nunha CRISIS na que para saír dela todos temos que facer un esforzo. Temos unha deuda que somos incapaces de pagar e para iso temos que disminuir gastos (lóxico, non podemos gastar máis do que gañamos) pero o único coraxe é que desde fai catro anos todos os recortes e medidas de austeridade van dirixidas a nós, os funcionarios.

"Require invertir moitas horas para conseguir ser funcionario" no campo do estudio pero tamén en canto a

sacrificio e constancia. Os funcionarios, na actualidade, formamos parte dun colectivo especialmente castigado polos recortes marcados polo Goberno. É verdade que ter traballo estable para toda vida ten as súas ventaxas, sen embargo, a veces, esquecenos o duro proceso que ten unha persoa ata aprobar unha oposición:

- En primeiro lugar, os opositores teñen que tela formación específica para poder optar ó posto de traballo.
- Do mesmo modo, preparar unha oposición tamén implica unha inversión económica importante grazas a compra dos temarios e a matrícula nas academias.
- Son moitas as persoas que se presentan a unha oposición e en cambio, optan a moi poucas prazas. Polo tanto, moitas persoas senten que o esforzo realizado caeu nun saco roto porque son poucas as persoas afortunadas.
- Son poucos os traballadores que aproban unha oposición á primeira. Polo tanto, hai persoas que dedican moitos anos da súa vida a estudar e teñen uns horarios de estudo moi rixidos. Polo tanto tamén se privan de moitos praceres.

•O proceso dunha oposición tamén é moi duro a nivel emocional. As persoas fan fronte á incertidume, ó stres, á ansiedade e á falta de motivación.

Na actualidade, os funcionarios sentímonos poucos valorados a nivel social porque a nosa situación viuse resentida polas medidas adoptadas polo Goberno.

CATY

A FESTA DE PASCUA E A TRADICIÓN DA CRUZ

A primeira semana do mes de abril de este ano 2.012 festexouse a Semana Santa. Esta semana na actualidade é un período de descanso, de vacacións, donde moita xente vai de viaxe, outros moitos acoden as procesións relixiosas, e outros aproveitan para facer algo na casa, pero fai xa un cantos anos (poderíamos decir tres ou catro décadas atrás) esta semana era un tempo de duro traballo no campo, que se aproveitaba para facer as labours agrícolas propias desta época do ano (labrar, sementar, etc) Postos a recordar aqueles tempos pasados, nos que se vivía de forma distinta a actual, a min gustárame lembrar aquela tradición relixiosa e centenaria que se desenrolaba cando eu era un meniño, tanto na nosa parroquia de Gulans como na maioría das parroquias dos arredores.

Recordo especialmente como se engalanaban as casas para a ocasión, os seus pisos de madeira fregábanse meticulosamente, no exterior extraíanse todas as malas herbas, acicalábase o xardín e as prantas coas súas primeiras flores de primavera (labor que fixen en máis de unha ocasión coa axuda de meu avó Maximino), había ata quen facía con plantas de fiuncho unha especie de pasillo ou adorno a porta da casa para, que a recepción fose máis fermosa.

Esta tradición (a de "BAIXAR A CRUZ" como así se chamaba o rito) consistía en bendecir as casas da parroquia, para o cal se organizaba unha comitiva ou séquito composta polo crego, o sacristán que portaba a cruz e máis o caldeiriño de auga bendita, noutros lados como en Salceda esta comparsa ademais do cura e do sacristán estaba formada por un rapaz que era quen portaba a auga bendita, máis o pasteco e ademais estaban acompañados en todo momento por un pequeno gaitero (gaita e Caixa). Esta comitiva saía da Igrexa o repique da campá e comenzaba o recorrido polas casas da parroquia. O Domingo de Pascua pola tarde tocáballe a quenda ao barrio de Couso, percorríase o barrio escomenzando polas casas do Codesal, concretamente a dos pais do finado Sr. Alberto (casa do sr. Manuel do Codesal) e rematabase nas casas do Regiño (na casa dos pais de Indalecio e na casa da finada Sra. Edelmira que era a nai de Sra. Emilia)

Unha vez o cura entraba na casa, as familias, ben acompañadas dos veciños máis próximos e dos amigos mais achegados reuníanse en círculo o redor do salón ou da sala da vivenda, para a baixada da cruz. A cerimonia escomenzaba coa bendición por parte do crego, sobre a casa e a familia:

La Paz sea con esta casa y con todos los que en ella moran

Mentras tanto o sacristan daba a cruz a bicar percorrendo o salón daquelas casas ateigadas de xente. Naqueles sitios donde andaba o rapaz co pasteco (algo que non sucedía na parroquia de Gulans) este iba detrás do sacristan co pasteco para o bico final tamen de todos os presentes. Tamen naqueles lugares donde o gaiteiro acompañaba, este durante o tempo en que o crego estaba dentro da vivenda tocaba na porta da casa unha canción que xa era típica para a ocasión (na parroquia de Gulans non iba o gaiteiro a tocar). Como xa era costume, despois de que pasase a cruz pola casa, convidábase a un aperitivo a todas aquelas persoas que compartiran coa familia aquel momento. Non podía faltar a rosca de Pascua e as galletas, acompañadas de algunha copíña de Xerez ou de viño que estaban perfectamente colocadas enriba de mesa da sala. Tamen enriba da mesa da sala se colocaba un pratinho co donativo dos cartos. Nesta parroquia a ofrenda ou donativo era a vontade pero noutros lugares como en Salceda o cura tiña estipulado un pagamento, así pois alí polo 1.934 unha casa de familia completa pagaba

tres perras (trinta céntimos de peseta) da época, mentras nunha casa onde vivía unha vivuva ou unha persoa soa considerábase media casa e por suposto pagaba a metade, tres chicas (quinze céntimos de peseta). Había outros lugares que facían o pagamento con ovos, pero en Gulans a ofrenda era a vontade, aínda que houbo unha época, cando o cura da parroquia era D. Eduardo, este tamen fixara un pagamento por casa que era sete pesetas por vivenda, de tres pesetas e media para as casas de unha persoa soa, e unha peseta para o sacristan.

Finalmente, dicir que ao igual que todas as cousas desta vida, esta tradición ou costume rematou, supoño que cos novos tempos que se avexiñaban, co progreso, co inicio do desenvolvemento urbanístico, entendo que se facía bastante complicado cumprir coa tradición e por eso a principios dos anos oitenta o cura da parroquia daquel momento D. José Sanmartín Caeiro, puxolle fin a longa vida desta centenaria tradición.

Pablo Carballido Carballido

Besiños de coco

Ingredintes:

- 6 ovos
- 500 gr. de azucar
- 500 gr. de coco raiado.

Preparación:

Mezclar os tres ingredintes formando unha pasta homoxenea. Facer a forma desexada dos coquitos e fornear durante 12 minutos a 200 °C.

Recomendación: mellor colocar papel de fornear sobre a bandexa do forno para que non se peguen a ela os besiños e sexa mais facil de limpar.

Nota: o tempo de forneado e orientativo pode ser mais ou menos según o gusto de cada un.

A REALIDADE É PLURAL, BUSQUEMOS A NOSA...

Hoxe levanteime rebelde, e fixen una reflexión rebelde, ou poida que sexa sensata, ou equivocada... quen sabe...

Vivimos nun mundo no que a sociedade nos marca o camiño a seguir, que é o correto e que é o que está mal... existen ó meu modo de ver uns canóns que nos guían en busca da "suposta felicidade" que poderían dicir algo así como... *estudia una boa carreira, para ser alguén, pero*

pasa da historia, a filosofía e o arte que esas cousas non serven para nada, encontra o amor da túa vida e non te demores moito non vaia ser que se che pase o arroz ou sexas demasiado maior para casarte, ten o teu primeiro fillo non moito máis alá dos trinta y ademáis... traballa como un borrego de sol a sol para amasar unha gran fortuna, porque o fin e o cabo o diñeiro danos a felicidade e fainos libres...

E iso non é así! Para min a liberdade e a felicidade son outra cousa..


Non me gustan demasiado os convencionalismos nin como algunha xente te tacha de raro ou fracasado por non seguir o "protocolo de acción". Parece que so existe un plan común para todos pero... acaso non somos persoas, seres independentes e con capacidade de pensamento individual? A realidade é plural e cada un deberíamos buscar a nosa e diseñar noso propio plan...

Non sempre o que fan as masas é o ideal, para min o ideal sería buscar a felicidade en nos mesmos, complementándoa e enriqueciéndoa cós demáis, por suposto, pero sin facela dependente...

Oxalá algún día deixemos de ser tan cuadrículados, abramos as nosas miras e vexamos o noso redor para descubrir que a vida pode ser algo máis.

BGR

¿Que pasou coas pegas en Couso?




Fai uns anos, non lembro ben cantos, deixaron de voar pola nosa aldea estes intelixentes paxaros chamados pegas (Urracas en castelán). Estou a voltas co motivo ou motivos po-lo que se foron da nosa veira, xa que moi preto do noso Barrio, viven en cantidade e calidade, a tenor da festa que fan coa súa maneira tan especial de chamar atención. O corveo característico das pegas consiste nunha serie máis ou menos rápida de berros. Este son, sérvelle de voz de alarma e ameaza para defendelo seu territorio de cría. Os exemplares que non están a criar emíteno só en caso de perigo. Se o perigo é especialmente intenso, os berros son máis seguidos e rápidos. Como dice Fernando, “chega, chega, dice a pega”



Unha das súas ameazas máis fortes é o Azor (*Accipiter gentilis*), non trabucar co Gavilán, que é o que algúns creen que temos en Couso. Éste pode ser o ¿por qué?

da falla da pega no noso Barrio, agora ben, queda a pregunta no aire, para que todos poidamos aportar o que saibamos. Abrese, o debate.



Azor (*Accipiter gentilis*)



Que fermosa, no seu voar.


José Girádez (Piño)

Actividades realizadas

○ Sábado 21 de xaneiro tivemos a Asamblea Ordinaria Anual e o rematar demos conta dos manxares que prepararon algúns dos Socios da Cultural

○ Sábado 17 de Marzo disfrutamos da Festa do Pote, agradecer un ano mais a Miguel por ser o Poteiro Oficial

○ Venres 23 de Xuño fixemos a nosa "particular" Festa de San Xoan con sardiñas e xurelos asados a brasa, por certo que todos coincidimos en que estaban moi ricos.



○ Sábado 30 de xunio fixose a caminata polo PR-G 132



○ Sábado 21 de Xullo segamos o centeo e fixemos os meducos, como manda a tradición, e agradecemos a Belén e familia o seu cociñar para nos na veiga poder merendar.

